

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CLUBE PRAIA DE PANTÍN, PARA A DIFUSIÓN NO GALICIA CLASSIC SURF PRO. DAS CAMPAÑAS INSTITUCIONAIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO.

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

No mencionado ámbito material, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores. De xeito máis concreto, o eixo 1 do Pacto, recolle medidas dirixidas a posibilitar a ruptura do silencio mediante o fomento de accións de sensibilización da sociedade e da prevención da violencia de xénero desenvolvendo accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que producen a desigualdade e as condutas violentas e a axudar á toma de conciencia sobre a magnitude do problema da violencia contra as mulleres. Estas actuacións terán como destinatarios principais a nenos e nenas, adolescentes e mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

(2) Antecedentes:

A entidade Clube Praia de Pantín organiza e desenvolve a Galicia Classic Galicia Surf Pro, un campionato mundial considerado como un dos principais eventos internacionais deportivos de Surf, que conta cun público moi numeroso, maiormente xente moza, e que se celebra en Galicia, o que o converte nun evento único para proporcionar información e difundir as campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero.

Pola dimensión e capacidade da Galicia Classic Galicia Surf Pro así como pola experiencia na organización doutras edicións pasadas, o Clube Praia de Pantín reúne as condicións para o desenvolvemento de accións de que garantan unha axeitada difusión das campañas institucionais contra a violencia de xénero.



(3) Finalidade:

Para os efectos sinalados, con data 13 de setembro de 2019 formalizouse co Clube Praia de Pantín, o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2019.

(4) O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e o Clube Praia de Pantín, para apoiar o labor de información e difusión que no ámbito da prevención e sensibilización contra a violencia de xénero que vai desenvolver este Clube no marco da Galicia Classic Surf Pro, campionato mundial do que o Clube é organizador, e que encaixa de maneira clara nas medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en concreto as que se refiren ao desenvolvemento de campañas de prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero, que terán como destinatarios principais as nenas e os nenos, adolescentes e mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración o Clube Praia de Pantín, para a difusión no Galicia Classic Surf Pro das campañas institucionais contra a violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado

Estímase xustificada, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Clube Praia de Pantín para a difusión no Galicia Classic Surf Pro das campañas institucionais contra a violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é proporcionar información e difusión no ámbito da prevención e sensibilización contra a violencia de xénero.

O labor de información e difusión que no ámbito da prevención e sensibilización contra a violencia de xénero vai desenvolver este Clube no marco da Galicia Classic Surf Pro, incluírá entre as accións de



información e difusión a desenvolver, as campañas que ao respecto desenvolve a Xunta de Galicia, logrando así facelas chegar a un público xove moi numeroso e dando cumprimento a algunha das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en concreto as que se refiren ao desenvolvemento de campañas de prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero, que terán como destinatarios principais as nenas e os nenos, adolescentes e mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

(6) Aplicacións orzamentarias:

05.11.313D.481.2 (código de proxecto 2018 000112) enmarcada nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade), correspondentes á CCAA de Galicia para o ano 2019.

Contía total: 30.000 € (trinta mil euros).

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella



